

ID#572



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Nemeño - Ponteceso, 1980-03

Informante: "Cousillas" (87)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Na aghra de Espadanal
veu un home cun fouciño
e matou un animal.

A ouvella estaba pacendo
na leira de Pereiro
o asesino matouna
por lle comer un coleiro.

Virgen Sagrada María,
o patrón é San Xuán,
o que roubou a ghaliña
nin foi raposo nin can.

Dixo a dona da ghaliña:
"Pártache unha centella,
deixoume sin a ghaliña
e máis doume coa chavella".